



Educación en igualdade de dereitos

Miguel Campuzano Álvarez

Especialista en Discapacidade Motora
Equipo de Orientación Específica da Coruña
miguelcamp@edu.xunta.es

Nos últimos tempos percíbense cambios educativos e lexislativos que favorecen a integración do alumnado con discapacidade, o que debe entenderse como un efecto dos avances democráticos da sociedade. A lexislación actual prevé, como norma, a escolarización destes alumnos e alumnas nos centros ordinarios que lles corresponden por zona, respectando a decisión dos pais conforme ao dereito á libre elección do centro. A LOE apela aos principios de normalización e inclusión, que aseguran a non discriminación e a igualdade no acceso e na permanencia no sistema educativo, sen eludir por iso as medidas de flexibilización cando se consideren necesarias. Ao mesmo tempo, puntualiza que a escolarización deste alumnado en unidades ou centros de Educación Especial “só se levará a cabo cando as súas necesidades non poidan ser atendidas no marco das medidas de atención á diversidade nos centros ordinarios”.

A efectividade do noso traballo dependerá, en parte, dunha estreita colaboración, na que as familias serán as principais protagonistas

Por outra banda, a lei prevé, para efectos de admisión, unha reserva de tres postos escolares por unidade para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. Os novos currículos de educación primaria e secundaria establecen que, no caso de teren adaptacións curriculares, a avaliación e promoción tomarán como referencia os obxectivos e criterios de avaliación fixados nas ditas adaptacións. Así mesmo, o alumnado poderá permanecer un curso máis na etapa educativa, sen prexuízo do xa previsto con

carácter xeral, e tampouco quedan derogados os límites da flexibilización da escolarización da Orde do 27 de decembro de 2002.

Todas estas melloras normativas marchan en sintonía co incremento de recursos nos centros. Nos últimos anos foi notable a dotación de profesorado especialista de Pedagogía Terapéutica e de Audición e Linguaxe. Pero aínda queda moito que facer. Existen centros con barreiras arquitectónicas que impiden a mobilidade do alumnado con cadeira de rodas, e a provisión de recursos materiais, como mesas e cadeiras adaptadas, guindastres, ordenadores persoais, etc. segue a ser lento. Tamén penso que se deberían reforzar os apoios, con máis auxiliares técnicas educativas (coidadoras), que se revelan fundamentais para o alumnado con falta de autonomía.

Polo que atinxe ao profesorado, a maioría están mentalizados e teñen boas actitudes cara a estes nenos e nenas. Con todo, detéctanse resistencias nun sector que, aínda que minoritario, non é irrelevante. Son os que ven como un problema a inclusión deste alumnado en ambientes ordinarios. Resulta significativo que a maior implicación profesional se observe naqueles profesores e profesoras que tiveron no seu currículo académico formación específica sobre o tema. Este é o caso dos especialistas en Pedagogía Terapéutica, en Audición e Linguaxe, en Psicoloxía e Pedagogía e, ultimamente, tamén en Educación Física.

Isto indica, ás claras, que se necesita unha formación específica para abordar de xeito diferente e inclusivo a función educativa. Por outra banda, sería conveniente que os postos docentes de intervención específica tivesen unha maior estabilidade, e que, na súa provisión se informase debidamente das condicións de traballo ligadas á praza. Facilitaríaselles así o acceso a profesionais

cunha dedicación vocacional nida.

Unha das queixas estendidas entre o profesorado é a de ter dificultades para atender este alumnado, cando a ratio é alta e quedan sós na aula sen profesores de apoio. Aínda recoñecendo que o aumento de persoal docente nos centros foi notable, debería reconsiderarse o número de alumnos e alumnas por grupo, así como os apoios nas aulas que acollen alumnado discapacitado con importantes necesidades educativas. Pola súa parte, os titores e titoras deben asumir que eles son os principais responsables da educación deste alumnado, e que o profesorado especialista constitúe un apoio, co que se han coordinar. Tampouco se debería esquecer o papel fundamental que teñen os equipos directivos dos centros, o liderado que exercen, e a importancia de poder contar co apoio do Departamento de Orientación.

Por último, cómpre unha implicación e coordinación de todo o profesorado para traballar dende unha perspectiva interdisciplinar. O centro debe coordinarse tamén co sistema de saúde, cos Servizos Sociais, coas asociacións de familiares e afectados, e con todas aquelas institucións que traballen a prol deste alumnado. A efectividade do noso traballo dependerá, en parte, dunha estreita colaboración, na que as familias son as principais protagonistas. Escola e familia deben camiñar xuntas neste quefacer. Ao centro correspóndelle escoitar, apoiar e asesorar. Debemos ser conscientes do peso que supón ter un fillo discapacitado, e a enorme dedicación e esforzos que se precisan para crialo e sacalo adiante. As institucións educativas non poden ser un obstáculo máis dos moitos que deben sortear ao longo da súa vida. O noso labor é, pola contra, facilitar o desenvolvemento destes nenos e nenas e procurar unha educación en igualdade de dereitos.